




NAKED

Gran Bretaña | 1993 | 131 min | Drama

DIRECTOR Mike Leigh

GUIÓN Mike Leigh

MÚSICA Andrew Dickson

FOTOGRAFÍA Dick Pope

INTÉRPRETES David Thewlis, Lesley Sharpe, Katrin Cartlidge, Greg Cruttwell, Claire Skinner, Peter Wight, Ewen Bremner, Susan Vidler, Deborah MacLaren, Gina McKee, Carolina Giammetta, Elizabeth Berrington

SINOPSE Johnny é un home intelixente, educado e elocuente pero cunha profunda amargura que sempre o mantén ao límite dunha conduta sádica. En Londres seduce á compañeira de piso de Louise, Sophie, antes de se embarcar nunha odisea na que compartirá os seus días entre indixentes e desesperados personaxes dos baixos fondos da capital do Reino Unido. Johnny expón a súa visión do mundo (que en diferentes instancias parece ser fatalista, nihilista ou transhumanista) a todas aquelas persoas que o queiran escoitar.

NAKED: VIAXE Á FIN DA NOITE

Mike Leigh xa era un autor de prestixio cando, en 1993, se presentou en Cannes con *Naked*. Esencialmente era coñecido como o director de *High Hopes* (1988), unha agre elexía da esquerda demolida polo thatcherismo daquela vitorioso. Pero o resentimento que recordaba daquel extraordinario filme de Leigh non me preparara para a tunda emocional, a brutal e descarnada natureza de *Naked*, filme que me removeu dun xeito radical. Deixoume exhausto nun sentido e cunha intensidade tal que me tería que mergullar no meu *almario* para recordar unha película cuxa infinita dor me alcanzase de xeito tan implacable. Creo que non foi un sentimento que me particularizase. Leigh desfondou todo Cannes, a súa película conmocionou o festival, apoderouse del co seu nihilismo salvaxe e levou o premio para o director daquela obra mestra da crueldade, Mike Leigh, e para o seu médium, ese actor que focaliza o baleiro, a espesura da desesperanza, a locuacidade da súa ferida emocional: David Thewlis. Durante días amontoábanse na miña mente os seus andares torvos de dandi do nada, os seus exordios de rapsodo do abismo, o surrealismo que envolve a súa viaxe á fin da noite.

E a noite de *Naked* é esa viaxe de Manchester (cidade natal de Mike Leigh) a un Londres escabroso, cotra de corpos e miradas, irracionalidade entre Beckett e o máis negro Harold Pinter. O *after hours* de David Thewlis, corazón de anxo caído, é un continuo itinerante, un *cul de sac* onde asistimos aos seus *tour de force* na sombra con criaturas esperpénticas. O inferno son os outros e as súas palabras, ou as súas ladaíñas, ou os seus laios animais. David Thewlis bracea entre zombis, como o barco na néboa, nun asfalto que non é xa xungla senón precipicio onde se mostran os corpos existencialmente desmembrados, a paisaxe despois da batalla que gañou o capitalismo popular, o país das tebras en que deveu o sono da Dama de Ferro. A noite de espectros da sociedade dual, onde se axitan as almas perdidas e se impón o sadismo sexual e de clase dos escasos e sórdidos triunfadores.

A ese mar dos argazos saíu David Thewlis, como o capitán Ahab á caza da gran balea branca. Co seu verbo acendido e dislocado como arpón. Pero nin sequera lle queda ao agonista do filme de Mike Leigh a esperanza de perder o outro ollo, ou a vida enteira, en loita cun nobre cetáceo. A este home sen atributos ao que acompañamos, doentes, na súa brava e desnortada singradura, só lle queda bracear na escuridade, unha e outra vez. Ata se perder no *horror vacui*, nunha fuxida cara adiante na que a súa voz se vai facendo despoxo.

José Luis Losa





SINOPSIS Johnny es un hombre inteligente, educado y elocuente pero con una profunda amargura que siempre lo mantiene al límite de una conducta sádica. En Londres seduce a la compañera de piso de Louise, Sophie, antes de embarcarse en una odisea en la que compartirá sus días entre indigentes y desesperados personajes de los bajos fondos de la capital del Reino Unido. Johnny expone su visión del mundo (que en diferentes instancias parece ser fatalista, nihilista o transhumanista) a todas aquellas personas que lo escuchen.

NAKED: VIAJE AL FIN DE LA NOCHE

Mike Leigh ya era un autor de prestigio cuando, en 1993, se presentó en Cannes con *Naked*. Esencialmente se le conocía como el director de *High Hopes* (1988), una agria elegía de la izquierda demolida por el thatcherismo entonces victorioso. Pero el resquemor que recordaba de aquel extraordinario film de Leigh no me había preparado para la tunda emocional, la brutal y descarnada naturaleza de *Naked*, film que me removió de una manera radical. Me dejó exhausto en un sentido y con una intensidad tal que tendría que bucear en mi armario para recordar una película cuyo infinito dolor me alcanzase de manera tan implacable. Creo que no fue un sentimiento que me particularizase. Leigh desfondó todo Cannes, su película conmocionó el festival, se apoderó de él con su nihilismo salvaje y se llevó el premio para el director de aquella obra maestra de la crueldad, Mike Leigh, y para su médium, ese actor que focaliza el vacío, la espesura de la desesperanza, la locuacidad de su desgarró: David Thewlis. Durante días se agolpaban en mi mente sus andares torvos de dandi de la nada, sus exordios de rapsoda del abismo, el surrealismo que envuelve su viaje al fin de la noche.

Y la noche de *Naked* es ese viaje de Manchester (ciudad natal de Mike Leigh) a un Londres escabroso, mugre de cuerpos y miradas, irracionalidad entre Beckett y el más negro Harold Pinter.



El *after hours* de David Thewlis, corazón de ángel caído, es un continuo itinerante, un *cul de sac* en donde asistimos a sus *tour de force* en la sombra con criaturas esperpénticas. El infierno son los otros y sus palabras, o sus letanías, o sus *quejíos* animales. David Thewlis bracea entre zombis, como el barco en la niebla, en un asfalto que no es ya jungla sino desbarrancadero donde se muestran los cuerpos existencialmente desmembrados, el paisaje después de la batalla que ganó el capitalismo popular, el país de las tinieblas en que devino el sueño de la Dama de Hierro. La noche de espectros de la sociedad dual, donde se agitan las almas perdidas y se impone el sadismo sexual y de clase de los escasos y sórdidos triunfadores.

A ese mar de los sargazos salió David Thewlis, como el capitán Ajab a la caza de la gran ballena blanca. Con su verbo encendido y dislocado como arpón. Pero ni siquiera le queda al agonista del film de Mike Leigh la esperanza de perder el otro ojo, o la vida entera, en lucha con un noble cetáceo. A este hombre sin atributos al que hemos acompañado, dolientes, en su brava y desnortada singladura, solo le queda bracear en la oscuridad, una y otra vez. Hasta perderse en el horror vacui, en una huida hacia adelante en la que su voz se va haciendo despojo.

José Luis Losa

